



Boletín Oficial

Provincia de Ourense



N.º 39 · Luns, 17 febreiro 2014

Dep. legal: OR-1/1958 · Franqueo concertado 30/2

SUMARIO

I. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

- Aprobación definitiva da Ordenanza fiscal reguladora das taxas polos servizos prestados na Rede de Centros de Recollida de Animais Abandonados 2
- Aprobación definitiva da Ordenanza reguladora da Rede Provincial de Centros de Recollida de Animais Abandonados 7

III. COMUNIDADE AUTÓNOMA

Consellería de Traballo e Benestar Xefatura Territorial de Ourense

- Acordo de resolución de inscrición e publicación da revisión salarial do Convenio colectivo da Unión Temporal de Empresas Ecourense, para o seu persoal adscrito ao servizo público de limpeza urbana, recollida e transporte de residuos sólidos urbanos do Concello de Ourense, expediente: 32/01/0008/2014 13

Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas Xefatura Territorial de Ourense

- Exposición pública de solicitude de ampliación do Tecor societario "Viana do Bolo", OU-10.079, con oito montes veciñais en man común, en réxime cinegético común ou como refuxio de fauna, no Concello de Viana do Bolo, expediente: 09/13 15

Consellería de Economía e Industria

- Dirección Xeral de Enerxías e Minas. Santiago de Compostela
Resolución do 28 de xaneiro de 2014, da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, pola que se autoriza administrativamente a planta de cogeneración asociada a planta de xestión ambiental forestal que Enerxía dos Castros, SL, promove en Loiro, concello de Barbadás (Ourense) 16

IV. ENTIDADES LOCAIS

Barco de Valdeorras (O)

- Edicto de cobranza de mercado 12/2013, dependencia 12/2013, gardería 01/2014, conservatorio 02/2014 e música 01/2014 18
- Notificación de Resolución da Alcaldía do 22.01.2014 de imposición de multa coercitiva por incumprimento da orde de demolición a M.ª Pilar Rodríguez Hernández e a Manuel Franco Delgado 19

Boborás

- Exposición pública dos padróns das taxas pola prestación dos servizos de subministración domiciliar de auga potable e saneamento do Concello de Boborás, e canon da auga da Xunta de Galicia, correspondente ao cuarto trimestre de 2013, e anuncio de cobro 20

Ourense

- Información pública da aprobación inicial do proxecto de expropiación polo sistema de tasación conxunta dos bens e dereitos incluídos no AR "As Burgas", Al 10 do PEP do BIC coa categoría de sitio histórico do Conxunto das Fontes Termiais das Burgas e o seu contorno delimitado, ámbito 30 da OUP 20

Sandiás

- Exposición pública da aprobación provisional da Ordenanza fiscal reguladora da taxa por licenzas urbanísticas ou comunicacións previas 22
- Exposición pública da aprobación provisional da Ordenanza fiscal reguladora da taxa por licenza de apertura de establecementos ou realización de actividades administrativas de control 22

Vilariño de Conso

- Exposición pública da aprobación provisional da Ordenanza fiscal reguladora da taxa do servizo de axuda no fogar no Concello de Vilariño de Conso 23

I. DIPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

- Aprobación definitiva de la Ordenanza Fiscal Reguladora de las Tasas por los Servicios Prestados en la Red de Centros de Recogida de Animales Abandonados 4
- Aprobación definitiva de la Ordenanza Reguladora de la Red Provincial de Centros de Recogida de Animales Abandonados 10

III. COMUNIDAD AUTÓNOMA

Consellería de Trabajo y Bienestar Jefatura Territorial de Ourense

- Acuerdo de resolución de inscripción y publicación de la revisión salarial del Convenio colectivo de la Unión Temporal de Empresas Ecourense, para su personal adscrito al servicio público de limpieza urbana, recogida e transporte de residuos sólidos urbanos del Ayuntamiento de Ourense, expediente: 32/01/0008/2014.... 14

Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas Jefatura Territorial de Ourense

- Exposición pública de solicitude de ampliación del Tecor societario "Viana do Bolo", OU-10.079, con ocho montes vecinales en mano común, en régimen cinegético común o como refugio de fauna, en el Ayuntamiento de Viana do Bolo, expediente: 09/13 16

Consellería de Economía e Industria

- Dirección General de Energías y Minas. Santiago de Compostela
Resolución de 28 de enero de 2014, de la Dirección General de Energía y Minas, por la que se autoriza administrativamente a planta de cogeneración asociada a la planta de gestión ambiental forestal que Enerxía dos Castros, SL, promueve en Loiro, ayuntamiento de Barbadás (Ourense) 17

IV. ENTIDADES LOCALES

Barco de Valdeorras (O)

- Edicto de cobranza de mercado 12/2013, dependencia 12/2013, guardería 01/2014, conservatorio 02/2014 y música 01/2014 18
- Notificación de Resolución de la Alcaldía de 22.01.2014 de imposición de multa coercitiva por incumplimiento de la orden de demolición a M.ª Pilar Rodríguez Hernández e a Manuel Franco Delgado 19

Boborás

- Exposición pública de los padrones de las tasas por la prestación de los servicios de suministro domiciliar de agua potable y saneamiento del Ayuntamiento de Boborás, y canon del agua de la Xunta de Galicia, correspondiente al cuarto trimestre de 2013, y anuncio de cobro 20

Ourense

- Información pública de la aprobación inicial del Proyecto de expropiación por el sistema de tasación conjunta de los bienes e derechos incluídos en el AR "As Burgas", Al 10 del PEP del BIC con la categoría de sitio histórico del Conjunto de las Fuentes Termiales de As Burgas e de su entorno delimitado, ámbito 30 de la OUP 21

Sandiás

- Exposición pública de la aprobación provisional de la Ordenanza Fiscal Reguladora de la Tasa Por Licencias Urbanísticas o Comunicaciones Previas 22
- Exposición pública de la aprobación provisional de la Ordenanza Fiscal Reguladora de la Tasa por Licencia de Apertura de Establecimientos o Realización de Actividades Administrativas de Control 22

Vilariño de Conso

- Exposición pública de la aprobación provisional de la Ordenanza Fiscal Reguladora de la Tasa del Servicio de Ayuda en el Hogar en el Ayuntamiento de Vilariño de Conso 23



Xunqueira de Ambía	
Exposición pública da aprobación provisional das modificacións da Ordenanza reguladora do servizo de axuda no fogar e da Ordenanza fiscal	23
Xunqueira de Espadanedo	
Notificación de baixa de oficio no padrón municipal de habitantes a Ana Rosa Martínez Santos.....	23

V. TRIBUNAIS E XULGADOS

Juzgado do Social n.º 4 de Ourense	
Citación a María José Gómez Alonso para os actos de conciliación e xuízo, nos autos de procedemento ordinario 770/13.....	24

Xunqueira de Ambía	
Exposición pública de la aprobación provisional de las modificaciones de la Ordenanza Reguladora del Servicio de Ayuda en el Hogar y de la Ordenanza Fiscal	23
Xunqueira de Espadanedo	
Notificación de baja de oficio en el padrón municipal de habitantes a Ana Rosa Martínez Santos.....	23

V. TRIBUNALES Y JUZGADOS

Juzgado de lo Social n.º 4 de Ourense	
Citación a María José Gómez Alonso para los actos de conciliación y juicio, en los autos de procedimiento ordinario 770/13.....	24

I. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

I. DIPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

Anuncio

A Corporación Provincial, na sesión do 27 de decembro de 2013, aprobou inicialmente a Ordenanza fiscal reguladora das taxas polos servizos prestados na Rede de Centros de Recollida de Animais Abandonados.

Unha vez sometida a información pública, mediante anuncio inserido no BOP n.º 5, do 8 de xaneiro de 2014, durante o prazo de 30 días hábiles, non se formulou ningunha alegación ou reclamación, quedando aprobada definitivamente, polo que se publica a continuación o texto íntegro da dita ordenanza:

Título preliminar. Disposicións xerais

Artigo 1. Obxecto, fundamento e ámbito territorial de aplicación

1. Constitúe o obxecto da presente ordenanza fiscal a ordenación e imposición das taxas correspondentes aos servizos intermunicipais prestados pola Rede Provincial de Centros de Recollida de Animais Abandonados, creada en virtude do convenio marco de cooperación entre a Deputación Provincial de Ourense e os concellos da provincia, publicado no Boletín Oficial da Provincia de 4 de xaneiro de 2013.

2. Os servizos para cuxa prestación se impón o pagamento dunha taxa son os seguintes:

- Recollida de animais domésticos extraviados
- Recepción e mantemento nos centros de recollida dos animais domésticos de compañía (cans e gatos) que sexan entregados voluntariamente polos seus propietarios.
- Entrega en adopción dos animais recollidos.
- Cremación de animais domésticos de compañía.
- Sacrificio de animais, no suposto en que este servizo sexa de recepción obrigatoria para os seus propietarios ou posuidores.

3. A aprobación desta Ordenanza fiscal por parte da Deputación Provincial de Ourense realízase en exercicio da competencia delegada polos concellos adheridos ao dito convenio marco. O ámbito territorial de aplicación desta Ordenanza estará integrado polos termos municipais dos ditos concellos, incluídos aqueles que se integren con posterioridade á súa entrada en vigor.

Título primeiro. Da taxa polo servizo de recollida de animais abandonados ou extraviados

Artigo 2. Feito imponible

1. Constitúe o feito imponible da taxa do servizo de recollida de animais extraviados ou abandonados a recollida de animais extraviados ou abandonados e o seu mantemento nun centro de recollida, trala súa entrega previa ao propietario ou posuidor, ou ao seu sacrificio ou entrega en adopción. O servizo declárase de recepción obrigatoria para os propietarios ou posuidores dos animais.

2. A taxa non inclúe o servizo de sacrificio e cremación do animal. No suposto de que sexa necesaria a prestación destes ser-

vizos, devindicarán as taxas correspondentes, que serán liquidados ao propietario ou posuidor de xeito independente.

Artigo 3. Suxeitos pasivos

Son suxeitos pasivos, en concepto de contribuíntes, os que teñan a consideración de propietarios ou posuidores dos animais recollidos.

Artigo 4. Devindicación

A taxa devindicarase no momento en que se presten os servizos gravados (recollida e estancia do animal no centro de recollida) e ata a súa entrega efectiva ao propietario ou posuidor ou ata o seu sacrificio.

Artigo 5. Cota tributaria

A cota tributaria será a resultante da aplicación das seguintes tarifas:

a) Tarifa fixa polo servizo de recollida do animal, nalgunha das seguintes dúas modalidades:

a.1) Tarifa por recollida especial: nos casos en que a recollida esixa o emprego de técnicas de minimización do animal (dardos anestésicos ou análogas): establécese unha tarifa de 70 euros por animal recollido.

a.2) No resto de supostos, establécese unha tarifa de 50 euros por animal recollido.

b) Tarifa pola estancia do animal no centro de recollida, ata a data da súa recollida voluntaria polo propietario, a súa entrega en adopción ou o seu sacrificio: 3,5 euros por día completo de estancia ou fracción.

Título II. Da taxa pola prestación do servizo de recepción e mantemento nos centros de recollida dos animais domésticos que sexan entregados voluntariamente polos seus propietarios

Artigo 6. Feito imponible

1. Constitúe o feito imponible da taxa por recepción de animais a recepción nos centros de recollida dos animais domésticos de compañía (cans e gatos) que sexan entregados voluntariamente polos seus propietarios ou posuidores, incluíndo o seu mantemento no centro ata a súa entrega en adopción ou sacrificio. En ningún caso esta taxa terá a consideración de contraprestación patrimonial pola mera entrega do animal, que como tal terá carácter gratuíto.

2. A taxa non inclúe o servizo de sacrificio e cremación do animal. No suposto de que sexa necesaria a prestación destes servizos, devindicaranse as taxas correspondentes, que serán liquidadas ó propietario ou posuidor de xeito independente.

Artigo 7. Suxeitos pasivos

Son suxeitos pasivos, en concepto de contribuíntes, os que teñan a consideración de propietarios ou posuidores dos animais recollidos, e realicen a entrega do animal nun centro integrado na Rede Provincial de Centros de Recollida de Animais Abandonados.

Artigo 8. Devindicación

A taxa devindicarase no momento en que se entregue o animal, ben sexa no propio centro, ben no domicilio ou lugar de recollida que indique o propietario ou posuidor.

Artigo 9. Cota tributaria

A cota tributaria será a resultante da aplicación das seguintes tarifas:

- a) Por cada animal entregado: 35 euros.
- b) Pola recollida no domicilio ou lugar de recollida que indique o propietario: aplicaranse ademais da tarifa recollida no apartado a), as tarifas previstas nos apartados a.1 ou a.2 do artigo 5, segundo proceda.

Título III. Da taxa pola prestación do servizo de entrega en adopción de animais domésticos

Artigo 10. Feito imponible

Constitúe o feito imponible da taxa do servizo de entrega en adopción de animais a entrega en propiedade a unha persoa física ou xurídica dun animal doméstico existente no centro, nas condicións previstas na ordenanza reguladora do servizo. Inclúense no feito imponible a prestación dos servizos de colocación do microchip, vacinación e desparasitación do animal entregado, no suposto de que sexan necesarios para garantir a entrega do animal en perfectas condicións hixiénico-sanitarias, así como a expedición dun certificado veterinario do estado de saúde do animal no momento da entrega. En ningún caso esta taxa terá a consideración de contraprestación patrimonial pola mera entrega do animal, que como tal terá carácter gratuíto.

Artigo 11. Suxeitos pasivos

Son suxeitos pasivos, en concepto de contribuíntes, os que adquiren voluntariamente os animais existentes no centro.

Artigo 12. Devindicación

A taxa devindicarase no momento en que se solicite por escrito a entrega en adopción do animal.

Artigo 13. Cota tributaria

A cota tributaria será a resultante da aplicación dunha tarifa fixa de 40 euros por cada animal entregado.

Non obstante, establécense as seguintes tarifas especiais:

- a) Cando o suxeito pasivo fose o anterior propietario ou posuidor do animal: 100 euros.
- b) Cando o suxeito pasivo sexa unha asociación de protección e defensa dos animais que teña a condición de entidade colaboradora da Deputación, ao ter subscrito un convenio de colaboración coa Rede de Centros: 20 euros. Esta tarifa especial só se aplicará nos casos en que sexa a propia asociación a que adopte ao animal. Nos casos nos que a asociación realiza un labor de intermediación na xestión da adopción, o suxeito pasivo será a persoa que adopte ao animal, e as tarifas aplicables serán a xeral de 40 euros ou a especial de 100 euros, de ser o caso.

Título IV. Da taxa pola prestación do servizo de sacrificio

Artigo 14. Feito imponible

Constitúe o feito imponible da taxa por sacrificio a prestación do servizo de sacrificio de animais domésticos, nos supostos en que este servizo teña carácter obrigatorio para o suxeito pasivo.

Para estes efectos, declárase obrigatorio a prestación do servizo de sacrificio de animais domésticos para os suxeitos pasivos que se atopen nos seguintes supostos:

- a) Os propietarios ou posuidores de animais extraviados ou abandonados cando non procedan á súa retirada voluntaria do centro e os animais teñan que ser sacrificados ao non poder ser entregados en adopción no prazo que estableza a ordenanza reguladora do servizo.
- b) Os propietarios ou posuidores de animais domésticos que os entreguen voluntariamente nun centro, cando os animais teñan que ser sacrificados ao non poder ser entregados en adopción no prazo que estableza a ordenanza reguladora do servizo e non opten por recollelos.

Artigo 15. Suxeitos pasivos

Son suxeitos pasivos da taxa os propietarios ou posuidores dos animais sacrificados que se atopen nos supostos recollidos nos apartados a) e b) do artigo anterior.

Artigo 16. Devindicación

A taxa devindicarase no momento en que se adopte a resolución pola que se ordena o sacrificio dos animais. Esta resolución seralles notificada conforme co establecido na lexislación xeral tributaria e incluírá a liquidación da taxa.

Nos supostos en que o propietario ou posuidor fose descoñecido no momento de ordenarse o sacrificio do animal, a publicación da resolución no Boletín Oficial da Provincia equivalerá á notificación.

Sen prexuízo da devindicación da taxa no momento da adopción da orde de sacrificio do animal, se finalmente este non se realizase por ser entregado o animal en adopción ou recollido polo propietario ou posuidor, a liquidación quedará sen efecto, procedéndose de oficio, de ser o caso, á devolución do ingreso indebido realizado.

Artigo 17. Cota tributaria

A cota tributaria será a resultante da aplicación das seguintes tarifas:

- a) Polo sacrificio de animais de peso igual ou inferior a 10 quilogramos: 15 euros.
- b) Polo sacrificio de animais de peso superior a 10 quilogramos: a tarifa fixa sinalada no apartado a), á que se lle engadirá 0,50 euros por cada quilogramo ou fracción que exceda dos 10 quilogramos de peso.

Título V. Da taxa pola prestación do servizo de cremación de animais domésticos

Artigo 18. Feito imponible

Constitúe o feito imponible da taxa do servizo de cremación de animais domésticos a prestación consistente na eliminación, mediante incineración, dos cadáveres dos animais domésticos que se entreguen nos centros de recollida polos propietarios, polos servizos municipais de recollida de residuos sólidos urbanos ou polos servizos da propia rede de centros.

Igualmente, esta taxa gravará a prestación do servizo de cremación dos animais entregados ou recollidos nos centros que deban ser sacrificados, nos supostos previstos pola ordenanza reguladora do servizo.

O servizo declárase de recepción obrigatorio para os propietarios ou posuidores de animais extraviados que sexan recollidos pola rede de centros, e para os propietarios ou posuidores que entreguen voluntariamente animais aos centros da rede, nos supostos en que estes animais deban ser sacrificados.

Artigo 19. Suxeitos pasivos

Son suxeitos pasivos, en concepto de contribuíntes:

- a) Os propietarios ou posuidores dos cadáveres entregados ou recollidos. Inclúese neste suposto ás entidades públicas ou privadas que xestionen os servizos municipais de recollida de residuos sólidos urbanos e entreguen os cadáveres recollidos no exercicio desa función, ou soliciten a súa recollida polos servizos da Rede de Centros.
- b) O propietario ou posuidor que entregue voluntariamente ao animal vivo, cando este animal deba ser sacrificado.
- c) O propietario ou posuidor do animal extraviado ou abandonado que sexa obxecto de recollida, cando o animal deba ser sacrificado.

Artigo 20. Devindicación

A taxa devindicarase no momento da entrega ou recollida efectiva do cadáver, ou no momento en que se adopte a resolución ordenando o sacrificio, nos supostos previstos nos apartados b) e c) do artigo 19.



Non obstante o anterior, e sen prexuízo da devindicación da taxa no momento da adopción da orde de sacrificio do animal, se finalmente este non se realizase por ser entregado o animal en adopción ou recollido polo propietario ou posuidor, a liquidación quedará sen efecto, procedéndose de oficio, de ser o caso, á devolución do ingreso indebido realizado.

Artigo 21. Cota tributaria

A cota tributaria será a resultante da aplicación das seguintes tarifas:

a) Tarifa fixa por cremación: establécese en función do peso do cadáver, do seguinte xeito:

a.1) Cadáveres de animais domésticos de peso igual ou inferior a 10 quilogramos: 10 euros.

a.2) Cadáveres de animais domésticos de peso superior a 10 quilogramos: a tarifa fixa sinalada no apartado a.1), á que se lle engadirá 1 euro por cada quilogramo ou fracción que exceda dos 10 quilogramos de peso.

b) Tarifa por recollida do cadáver a domicilio ou en espazos públicos: 50 euros.

Título VI. Disposicións comúns

Artigo 22. Actualización das tarifas das taxas

As tarifas das taxas reguladas na presente ordenanza fiscal actualízanse automaticamente o 1 de xaneiro de cada exercicio posterior a 2014, por referencia ao índice oficial de prezos ao consumo aprobado polo Instituto Galego de Estatística.

Artigo 23. Normas comúns relativas ós elementos esenciais das taxas

1. Na aplicación das taxas establecidas e reguladas na presente ordenanza, consideraranse propietarios ou posuidores dos animais domésticos aos que figuren como tales na información que conste no Rexistro Galego de Identificación de Animais de Compañía segundo o número de serie que obre no microchip, ou na placa ou tatuaxe do animal, ou aquel cuxa titularidade ou posesión do animal lle conste acreditada á Administración provincial mediante calquera outro medio de proba admisible en Dereito.

2. Poderán ter a condición de propietario ou posuidor do animal tanto as persoas físicas e xurídicas como as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei xeral tributaria.

3. Responderán solidaria ou subsidiariamente das obrigas tributarias dos suxeitos pasivos as persoas físicas e xurídicas ás que a Lei xeral tributaria ou a Lei reguladora das facendas locais atribúe tal responsabilidade.

4. A prestación dos servizos gravados coas taxas establecidas na presente ordenanza constituirá un feito impositivo diferenciado para cada animal con respecto ao que se preste o servizo, dando lugar á devindicación da correspondente taxa, incluso nos supostos en que varios animais pertencen a un mesmo suxeito pasivo.

Artigo 24.- Normas comúns de xestión, liquidación, inspección e recadación

1. O pagamento das taxas será requisito previo para a prestación dos servizos gravados con carácter xeral, agás no suposto da prestación de servizos a suxeitos pasivos cuxa identidade se descoñeza no momento da prestación.

2. Nos supostos de pago previo á prestación dos servizos, as taxas esixiranse en réxime de autoliquidación, que será realizada polo interesado coa asistencia do persoal encargado dos centros de recollida. Realizado o pagamento, expedirase e entregarase ao interesado un recibo acreditativo.

O pagamento poderá realizarse en efectivo, mediante domiciliación bancaria, ingreso en conta en entidade de crédito colaboradora ou mediante calquera outro medio autorizado pola Presidencia da Deputación Provincial, sempre que nos puntos de entrega existan os medios materiais para a súa realización.

3. Nos supostos en que os servizos se presten nun momento no que se descoñeza a identidade do suxeito pasivo, a taxa esixirase en réxime de liquidación, que será realizada polo órgano competente da Deputación, tramitándose no Servizo de Xestión Tributaria e Recadación.

4. No non previsto nesta ordenanza, a inspección e recadación da taxa rexerese polo establecido na lexislación tributaria vixente que resulte de aplicación.

Título VII. Réxime sancionador

Artigo 25. Infraccións e sancións

En materia de infraccións e sancións relacionadas coas taxas reguladas na presente ordenanza fiscal, ateranse ao disposto na Lei xeral tributaria e demais normativa aplicable para o efecto.

Disposición derogatoria

Queda derogada calquera disposición de igual ou inferior rango que contradiga, se opoña ou resulte incompatible co disposto na presente ordenanza fiscal.

En particular, queda derogada a Ordenanza fiscal reguladora da taxa polo servizo de recollida, transporte e custodia de cans no concello do Carballiño (publicada no BOP n.º 86 do 17 de abril de 2009, e modificada parcialmente por acordo publicado no BOP n.º 298 do 29 de decembro de 2012).

Disposición derradeira

A presente ordenanza fiscal entrará en vigor a partir do día seguinte ao da publicación do seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia de Ourense.

Publícase isto e advírtese que contra o acordo de aprobación da presente ordenanza se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses. Os prazos indicados computaranse a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio.

Ourense, 13 de febreiro de 2014. O presidente.

Asdo.: José Manuel Baltar Blanco.

Deputación Provincial de Ourense

Anuncio

La Corporación Provincial, en la sesión de 27 de diciembre de 2013, aprobó inicialmente la Ordenanza Fiscal Reguladora de las Tasas por los Servicios Prestados en la Red de Centros de Recogida de Animales Abandonados.

Una vez sometida a información pública, mediante anuncio insertado en el BOP n.º 5, de 8 de enero de 2014, durante el plazo de 30 días hábiles, no se formuló ninguna alegación o reclamación, quedando aprobada definitivamente, por lo que se publica a continuación el texto íntegro de dicha ordenanza:

Título preliminar. Disposiciones generales

Artículo 1. Objeto, fundamento y ámbito territorial de aplicación

1. Constituye el objeto de la presente ordenanza fiscal la ordenación e imposición de las tasas correspondientes a los servicios intermunicipales prestados por la Red Provincial de Centros de Recogida de Animales Abandonados, creada en virtud de convenio marco de cooperación entre la Diputación Provincial de Ourense y los ayuntamientos de la provincia, publicado en el Boletín Oficial de la Provincia de 4 de enero de 2013.

2. Los servicios para cuya prestación se impone el pago de una tasa son los siguientes:

a) Recogida de animales domésticos extraviados

b) Recepción y mantenimiento en los centros de recogida de los animales domésticos de compañía (perros y gatos) que sean entregados voluntariamente por sus propietarios.

c) Entrega en adopción de los animales recogidos.

d) Cremación de animales domésticos de compañía.

e) Sacrificio de animales, en el supuesto en que este servicio sea de recepción obligatoria para sus propietarios o poseedores.

3. La aprobación de esta ordenanza fiscal por parte de la Diputación Provincial de Ourense se realiza en ejercicio de la competencia delegada por los ayuntamientos adheridos a dicho convenio marco. El ámbito territorial de aplicación de esta ordenanza estará integrado por los términos municipales de dichos ayuntamientos, incluidos aquellos que se integren con posterioridad a su entrada en vigor.

Título primero. De la tasa por el servicio de recogida de animales abandonados o extraviados

Artículo 2. Hecho imponible

1. Constituye el hecho imponible de la tasa del servicio de recogida de animales extraviados o abandonados la recogida de animales extraviados o abandonados y su mantenimiento en un centro de recogida, previo a su entrega al propietario o poseedor, o a su sacrificio o entrega en adopción. El servicio se declara de recepción obligatoria para los propietarios o poseedores de los animales.

2. La tasa no incluye el servicio de sacrificio y cremación del animal. En el supuesto de que sea necesaria la prestación de estos servicios, devengarán las tasas correspondientes, que serán liquidados al propietario o poseedor de forma independiente.

Artículo 3. Sujetos pasivos

Son sujetos pasivos, en concepto de contribuyentes, los que tengan la consideración de propietarios o poseedores de los animales recogidos.

Artículo 4. Devengo

La tasa se devengará en el momento en que se presten los servicios gravados (recogida y estancia del animal en el centro de recogida) y hasta su entrega efectiva al propietario o poseedor o hasta su sacrificio.

Artículo 5. Cuota tributaria

La cuota tributaria será la resultante de la aplicación de las siguientes tarifas:

a) Tarifa fija por el servicio de recogida del animal, en alguna de las siguientes dos modalidades:

a.1) Tarifa por recogida especial: en los casos en que la recogida exija el empleo de técnicas de minimización del animal (dardos anestésicos o análogas): se establece una tarifa de 70 euros por animal recogido.

a.2) En el resto de supuestos, se establece una tarifa de 50 euros por animal recogido.

b) Tarifa por la estancia del animal en el centro de recogida, hasta la fecha de su recogida voluntaria por el propietario, su entrega en adopción o su sacrificio: 3,5 euros por día completo de estancia o fracción.

Título II. De la tasa por la prestación del servicio de recepción y mantenimiento en los centros de recogida de los animales domésticos que sean entregados voluntariamente por sus propietarios

Artículo 6. Hecho imponible

1. Constituye el hecho imponible de la tasa por recepción de animales la recepción en los centros de recogida de los animales domésticos de compañía (perros y gatos) que sean entregados voluntariamente por sus propietarios o poseedores, incluyendo su mantenimiento en el centro hasta su entrega en adopción o sacrificio. En ningún caso esta tasa tendrá la consideración de contraprestación patrimonial por la mera entrega del animal, que como tal tendrá carácter gratuito.

2. La tasa no incluye el servicio de sacrificio y cremación del animal. En el supuesto de que sea necesaria la prestación de estos servicios, se devengarán las tasas correspondientes,

que serán liquidadas al propietario o poseedor de forma independiente.

Artículo 7. Sujetos pasivos

Son sujetos pasivos, en concepto de contribuyentes, los que tengan la consideración de propietarios o poseedores de los animales recogidos, y realicen la entrega del animal en un centro integrado en la Red Provincial de Centros de Recogida de Animales Abandonados

Artículo 8. Devengo

La tasa se devengará en el momento en que se entregue el animal, bien sea en el propio centro, bien en el domicilio o lugar de recogida que indique el propietario o poseedor.

Artículo 9. Cuota tributaria

La cuota tributaria será la resultante de la aplicación de las siguientes tarifas:

a) Por cada animal entregado: 35 euros.

b) Por la recogida en el domicilio o lugar de recogida que indique el propietario: se aplicarán además de la tarifa recogida en el apartado a), las tarifas previstas en los apartados a.1 o a.2 del artículo 5, según proceda.

Título III. De la tasa por la prestación del servicio de entrega en adopción de animales domésticos

Artículo 10. Hecho imponible

Constituye el hecho imponible de la tasa del servicio de entrega en adopción de animales la entrega en propiedad a una persona física o jurídica de un animal doméstico existente en el centro, en las condiciones previstas en la ordenanza reguladora del servicio. Se incluyen en el hecho imponible la prestación de los servicios de colocación del microchip, vacunación y desparasitación del animal entregado, en el supuesto de que sean necesarios para garantizar la entrega del animal en perfectas condiciones higiénico - sanitarias, así como la expedición de un certificado veterinario del estado de salud del animal en el momento de la entrega. En ningún caso esta tasa tendrá la consideración de contraprestación patrimonial por la mera entrega del animal, que como tal tendrá carácter gratuito.

Artículo 11. Sujetos pasivos

Son sujetos pasivos, en concepto de contribuyentes, los que adquieran voluntariamente los animales existentes en el centro.

Artículo 12. Devengo

La tasa se devengará en el momento en que se solicite por escrito la entrega en adopción del animal.

Artículo 13. Cuota tributaria

La cuota tributaria será la resultante de la aplicación de una tarifa fija de 40 euros por cada animal entregado.

No obstante, se establecen las siguientes tarifas especiales:

a) Cuando el sujeto pasivo fuese el anterior propietario o poseedor del animal: 100 euros.

b) Cuando el sujeto pasivo sea una asociación de protección y defensa de los animales que tenga la condición de entidad colaboradora de la Diputación, al tener suscrito un convenio de colaboración con la Red de Centros: 20 euros. Esta tarifa especial sólo se aplicará en los casos en que sea la propia asociación la que adopte al animal. En los casos en los que la asociación realiza una labor de intermediación en la gestión de la adopción, el sujeto pasivo será la persona que adopte al animal, y las tarifas aplicables serán la general de 40 euros o la especial de 100 euros, en su caso.

Título IV. De la tasa por la prestación del servicio de sacrificio

Artículo 14. Hecho imponible

Constituye el hecho imponible de la tasa por sacrificio la prestación del servicio de sacrificio de animales domésticos, en los supuestos en que este servicio tenga carácter obligatorio para el sujeto pasivo.



Para estos efectos, se declara obligatoria la prestación del servicio de sacrificio de animales domésticos para los sujetos pasivos que se encuentren en los siguientes supuestos:

a) Los propietarios o poseedores de animales extraviados o abandonados cuando no procedan a su retirada voluntaria del centro y los animales tengan que ser sacrificados al no poder ser entregados en adopción en el plazo que establezca la ordenanza reguladora del servicio.

b) Los propietarios o poseedores de animales domésticos que los entreguen voluntariamente en un centro, cuando los animales tengan que ser sacrificados al no poder ser entregados en adopción en el plazo que establezca la ordenanza reguladora del servicio y no opten por reacogerlos.

Artículo 15. Sujetos pasivos

Son sujetos pasivos de la tasa los propietarios o poseedores de los animales sacrificados que se encuentren en los supuestos recogidos en los apartados a) y b) del artículo anterior.

Artículo 16. Devengo

La tasa se devengará en el momento en que se adopte la resolución por la que se ordena el sacrificio de los animales. Esta resolución será notificada conforme con lo establecido en la legislación general tributaria e incluirá la liquidación de la tasa.

En los supuestos en que el propietario o poseedor fuese desconocido en el momento de ordenarse el sacrificio del animal, la publicación de la resolución en el Boletín Oficial de la Provincia equivaldrá a la notificación.

Sin perjuicio del devengo de la tasa en el momento de la adopción de la orden de sacrificio del animal, si finalmente éste no se realizase por ser entregado el animal en adopción o recogido por el propietario o poseedor, la liquidación quedará sin efecto, procediéndose de oficio, en su caso, a la devolución del ingreso indebido realizado.

Artículo 17. Cuota tributaria

La cuota tributaria será la resultante de la aplicación de las siguientes tarifas:

a) Por el sacrificio de animales de peso igual o inferior a 10 kilogramos: 15 euros.

b) Por el sacrificio de animales de peso superior a 10 kilogramos: la tarifa fija señalada en el apartado a), a la que se le añadirá 0,50 euros por cada kilogramo o fracción que exceda de los 10 kilogramos de peso.

Título V. De la tasa por la prestación del servicio de cremación de animales domésticos

Artículo 18. Hecho imponible

Constituye el hecho imponible de la tasa del servicio de cremación de animales domésticos la prestación consistente en la eliminación, mediante incineración, de los cadáveres de los animales domésticos que se entreguen en los centros de recogida por los propietarios, por los servicios municipales de recogida de residuos sólidos urbanos o por los servicios de la propia red de centros.

Igualmente, esta tasa gravará la prestación del servicio de cremación de los animales entregados o recogidos en los centros que deban ser sacrificados, en los supuestos previstos por la ordenanza reguladora del servicio.

El servicio se declara de recepción obligatoria para los propietarios o poseedores de animales extraviados que sean recogidos por la red de centros, y para los propietarios o poseedores que entreguen voluntariamente animales a los centros de la red, en los supuestos en que estos animales deban ser sacrificados.

Artículo 19. Sujetos pasivos

Son sujetos pasivos, en concepto de contribuyentes:

a) Los propietarios o poseedores de los cadáveres entregados o recogidos. Se incluyen en este supuesto a las entidades públi-

cas o privadas que gestionen los servicios municipales de recogida de residuos sólidos urbanos y entreguen los cadáveres recogidos en el ejercicio de esa función, o soliciten su recogida por los servicios de la Red de Centros.

b) El propietario o poseedor que entregue voluntariamente al animal vivo, cuando este animal deba ser sacrificado.

c) El propietario o poseedor del animal extraviado o abandonado que sea objeto de recogida, cuando el animal deba ser sacrificado.

Artículo 20. Devengo

La tasa se devengará en el momento de la entrega o recogida efectiva del cadáver, o en el momento en que se adopte la resolución ordenando el sacrificio, en los supuestos previstos en los apartados b) y c) del artículo 19.

No obstante lo anterior, y sin perjuicio del devengo de la tasa en el momento de la adopción de la orden de sacrificio del animal, si finalmente éste no se realizase por ser entregado el animal en adopción o recogido por el propietario o poseedor, la liquidación quedará sin efecto, procediéndose de oficio, den su caso, a la devolución del ingreso indebido realizado.

Artículo 21. Cuota tributaria

La cuota tributaria será la resultante de la aplicación de las siguientes tarifas:

a) Tarifa fija por cremación: se establece en función del peso del cadáver, del siguiente modo:

a.1) Cadáveres de animales domésticos de peso igual o inferior a 10 kilogramos: 10 euros.

a.2) Cadáveres de animales domésticos de peso superior a 10 kilogramos: la tarifa fija señalada en el apartado a.1), a la que se le añadirá 1 euro por cada kilogramo o fracción que exceda de los 10 kilogramos de peso.

b) Tarifa por recogida del cadáver a domicilio o en espacios públicos: 50 euros.

Título VI. Disposiciones comunes

Artículo 22. Actualización de las tarifas de las tasas

Las tarifas de las tasas reguladas en la presente ordenanza fiscal se actualizarán automáticamente el 1 de enero de cada ejercicio posterior a 2014, por referencia al índice oficial de precios al consumo aprobado por el Instituto Gallego de Estadística.

Artículo 23. Normas comunes relativas a los elementos esenciales de las tasas

1. En la aplicación de las tasas establecidas y reguladas en la presente ordenanza, se considerarán propietarios o poseedores de los animales domésticos a los que figuren como tales en la información que conste en el Registro Gallego de Identificación de Animales de Compañía según el número de serie que obre en el microchip, o en la placa o tatuaje del animal, o aquel cuya titularidad o posesión del animal le conste acreditada a la administración provincial mediante cualquier otro medio de prueba admisible en derecho.

2. Podrán tener la condición de propietario o poseedor del animal tanto las personas físicas y jurídicas como las entidades a que se refiere el artículo 35.4 de la Ley General Tributaria.

3. Responderán solidaria o subsidiariamente de las obligaciones tributarias de los sujetos pasivos las personas físicas y jurídicas a las que la Ley General Tributaria o la Ley Reguladora de las Haciendas Locales atribuye tal responsabilidad.

4. La prestación de los servicios gravados con las tasas establecidas en la presente ordenanza constituirá un hecho imponible diferenciado para cada animal con respecto al que se preste el servicio, dando lugar al devengo de la correspondiente tasa, incluso en los supuestos en que varios animales pertenezcan a un mismo sujeto pasivo.

Artículo 24.- Normas comunes de gestión, liquidación, inspección y recaudación

1. El pago de las tasas será requisito previo para la prestación de los servicios gravados con carácter general, excepto en el supuesto de la prestación de servicios a sujetos pasivos cuya identidad se desconozca en el momento de la prestación.

2. En los supuestos de pago previo a la prestación de los servicios, las tasas se exigirán en régimen de autoliquidación, que será realizada por lo interesado con la asistencia del personal encargado de los centros de recogida. Realizado el pago, se expedirá y entregará al interesado un recibo acreditativo.

El pago podrá realizarse en efectivo, mediante domiciliación bancaria, ingreso en cuenta en entidad de crédito colaboradora o mediante cualquier otro medio autorizado por la Presidencia de la Diputación Provincial, siempre que en los puntos de entrega existan los medios materiales para su realización.

3. En los supuestos en que los servicios se presten en un momento en el que se desconozca la identidad del sujeto pasivo, la tasa se exigirá en régimen de liquidación, que será realizada por el órgano competente de la Diputación, tramitándose en el Servicio de Gestión Tributaria y Recaudación.

4. En lo no previsto en esta ordenanza, la inspección y recaudación de la tasa se regirá polo establecido en la legislación tributaria vigente que resulte de aplicación.

Título VII. Régimen sancionador

Artículo 25. Infracciones y sanciones

En materia de infracciones y sanciones relacionadas con las tasas reguladas en la presente Ordenanza fiscal, se estará a lo dispuesto en la Ley General Tributaria y demás normativa aplicable para el efecto.

Disposición derogatoria

Queda derogada cualquier disposición de igual o inferior rango que contradiga, se oponga o resulte incompatible con lo dispuesto en la presente ordenanza fiscal.

En particular, queda derogada la Ordenanza fiscal reguladora de la tasa por el servicio de recogida, transporte y custodia de perros en el ayuntamiento de O Carballiño (publicada en el BOP n.º 86, de 17 de abril de 2009, y modificada parcialmente por acuerdo publicado en el BOP n.º 298, de 29 de diciembre de 2012).

Disposición última

La presente ordenanza fiscal entrará en vigor a partir del día siguiente al de la publicación de su texto íntegro en el Boletín Oficial de la Provincia de Ourense.

Se publica esto y se advierte que contra el acuerdo de aprobación de la presente ordenanza se podrá interponer un recurso contencioso-administrativo ante el Tribunal Superior de Justicia de Galicia, en el plazo de dos meses. Los plazos indicados se computarán a partir del día siguiente al de la publicación de este anuncio.

Ourense, 13 de febrero de 2014. El presidente.

Fdo.: José Manuel Baltar Blanco.

R. 568

Deputación Provincial de Ourense

Anuncio

A Corporación Provincial, na sesión do 27 de decembro de 2013, aprobou inicialmente a Ordenanza reguladora da Rede Provincial de Centros de Recollida de Animais Abandonados.

Unha vez sometida a información pública, mediante anuncio inserido no BOP n.º 5, do 8 de xaneiro de 2014, durante o prazo de 30 días hábiles, non se formulou ningunha alegación ou

reclamación, quedando aprobada definitivamente, polo que se publica a continuación o texto íntegro da dita ordenanza:

Título preliminar.- Disposicións xerais

Artigo 1. Obxecto, fundamento e ámbito territorial

1. Constitúe o obxecto da presente Ordenanza a regulación da Rede Provincial de Centros de Recollida de Animais Abandonados de Ourense, creada en virtude do convenio marco de cooperación entre a Deputación Provincial de Ourense e os concellos da provincia, publicado no Boletín Oficial da Provincia de 4 de xaneiro de 2013.

2. A Rede Provincial de Centros de Recollida de Animais Abandonados está integrada polo conxunto de medios humanos, materiais e financeiros de titularidade da Deputación Provincial de Ourense e dos concellos adheridos, destinados á prestación do servizo intermunicipal de recollida de animais abandonados.

O servizo intermunicipal delegado de recollida de animais abandonados é un servizo público de titularidade dos municipios adheridos á Rede, cuxa ordenación e xestión corresponde á Deputación Provincial por delegación dos concellos. O contido e condicións da dita delegación regularase polos acordos que voluntariamente se establezan entre a Deputación Provincial e os concellos interesados, podendo articularse a través de convenios - marco ou calquera outra fórmula de colaboración que permita a lexislación vixente.

3. O servizo intermunicipal delegado de recollida de animais domésticos comprenderá as seguintes prestacións:

- Servizo de recollida de animais abandonados ou extraviados.
- Servizo de recepción e mantemento de animais domésticos que sexan entregados voluntariamente nos centros de recollida.
- Servizo de entrega en adopción de animais acollidos nos centros da Rede.
- Servizo de sacrificio.
- Servizo de cremación.

As prestacións que integran o servizo poderán levarse a cabo mediante calquera dos modos de xestión previstos na lexislación de réxime local.

4. O ámbito territorial de aplicación desta ordenanza e de prestación dos servizos da Rede Provincial de Centros de Recollida de Animais Abandonados estará integrado polos termos municipais dos concellos adheridos ao convenio marco de cooperación entre a Deputación Provincial de Ourense e os concellos da provincia para a ordenación e xestión deste servizo, publicado no Boletín Oficial da Provincia de 4 de xaneiro de 2013. Consideraranse incluídos aqueles concellos que se integren con posterioridade á entrada en vigor da ordenanza.

Título 1.- Dos servizos prestados pola Rede Provincial de Centros de Recollida de Animais Abandonados

Artigo 2. Do servizo de recollida de animais abandonados

1. O servizo de recollida de animais abandonados comprenderá a recollida de animais domésticos ou salvaxes en catividade que circulen libremente en espazos de uso público dos termos municipais dos concellos incluídos na Rede. Entenderase por animal doméstico ou salvaxe en catividade os definidos como tales na lexislación galega de protección destes animais.

Presumirase a condición de animal abandonado en todo aquel que circule polos espazos públicos sen acharse baixo o control dunha persoa.

2. Non se considerarán animais abandonados, para os efectos da presente ordenanza, os seguintes:

- Os animais salvaxes, en xeral.
- Os animais que formen parte de explotacións de carácter pecuario.
- As reses sen dono, cuxa recollida e administración rexerese pola súa normativa específica.



3. A recollida realizarase sempre de oficio, ben sexa por propia iniciativa do servizo ou previa denuncia efectuada por un particular ou por calquera autoridade pública.

4. A recollida levarase a cabo procurando en todo momento evitar o sufrimento do animal. Para estes efectos, e no caso de animais perigosos, poderán empregarse técnicas de minimización de carácter inocuo, tales como dardos anestésicos ou outras análogas.

Excepcionalmente, e só cando se estime absolutamente indispensable para evitar causar danos ás persoas, poderá procederse ao sacrificio do animal.

5. O animal recollido será conducido a un dos centros da rede, anotándose o seu ingreso no rexistro previsto no Título II da presente ordenanza.

6. Os animais recollidos quedarán baixo custodia da Deputación Provincial, e continuarán sendo de propiedade do seu titular ata que transcorra o prazo de vinte días hábiles contados a partir do día seguinte ao da súa recollida, momento no que pasarán a ser propiedade da Deputación Provincial, sempre que se dean os seguintes requisitos de forma conxunta:

a) Que dentro do dito prazo, e de ser coñecida a identidade do propietario, se lle notificase o seu ingreso na rede requiríndoo para a súa recollida, ou que se anunciase publicamente esta circunstancia no caso de ser descoñecida a súa identidade.

b) Que transcorrese en todo caso o prazo de dez días hábiles dende a entrega da notificación ou dende a publicación substitutoria, sen que o propietario reclamase a entrega do animal.

En caso de que non concorran estes dous requisitos ao vencemento do prazo de vinte días hábiles dende a súa recollida, a adquisición da propiedade por parte da Deputación Provincial adiarase ata o seu total cumprimento.

A mera comunicación, por parte do propietario, da súa condición de tal non interromperá o transcurso do prazo nin impedirá a adquisición do animal por parte da Deputación, agás no suposto excepcional de que se acrediten causas de forza maior que impidan a recollida efectiva do animal por parte do propietario, suposto no que, trala declaración previa da concorrencia da dita causa excepcional, suspenderase o prazo de que dispón o propietario para a recollida por máximo de quince días hábiles.

Unha vez adquirida a propiedade do animal, a Deputación quedará habilitada para a súa cesión a terceiras persoas ou o seu sacrificio, nos supostos en que proceda este último conforme co establecido na presente ordenanza.

7. Sen prexuízo do disposto no apartado anterior, a Deputación Provincial poderá ordenar o inmediato sacrificio do animal nos seguintes supostos:

a) Cando sexa estritamente necesario por razóns sanitarias, tanto de protección da saúde pública como para garantir o mantemento das condicións sanitarias dos centros de recollida e a evitación de riscos de contaxio de enfermidades entre os animais.

b) Nos supostos de sacrificio por razóns humanitarias, debidamente xustificadas mediante informe veterinario.

Artigo 3. Do servizo de recepción de cans e gatos nos centros de recollida

1. O servizo de recepción e mantemento de cans e gatos nos centros de recollida comprende a aceptación da cesión dos animais voluntariamente entregados polos seus donos ou posuidores e o seu mantemento ata tanto estes non sexan adoptados por unha terceira persoa, reacollidos polo cedente ou sacrificados no suposto de que non fose posible a adopción nin a recollida.

Este servizo refírese unicamente ós cans e gatos, sen que en ningún caso se admita a entrega doutro tipo de animais.

2. No momento de realizar a entrega do animal, o cedente deberá acreditar a súa titularidade ou xustificar a súa posesión, e facer entrega da cartilla sanitaria correspondente.

No suposto no que o animal non dispoña de microchip e non estea debidamente rexistrado, vacinado e desparasitado, procederase á realización destes trámites e actuacións por parte dos servizos da rede.

A entrega do animal documentarase mediante acta administrativa, coa conformidade expresa do interesado, producíndose no momento da súa sinatura a transmisión da propiedade do animal á Deputación Provincial. Na acta de entrega figurarán os datos identificativos do animal e do cedente, e aqueles outros que se esixan pola lexislación vixente.

